

O VERBO DOS *ARGINAS*

NOME DO DOCUMENTO: MPG_RiXo_0028_003_en_0_10_55_id664_D

AUDIO DE REFERENCIA: MPG_RiXo_0028_003_en_0_10_55_id664

TIPO DE DOCUMENTO: Etnográfico xeral

MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 e transcripción

DATA DA RECOLLA: 05/1981

LOCALIZACIÓN:

Lugar: Quintelas

Parroquia: Dosiglesias

Concello: Forcarei

Provincia: Pontevedra

País: Galicia

INFORMANTE:

Nome: Villaverde, Andrés

Profesión: cereiro

RECOLLEDOR: Rivas, Xosé Luís

COMPILADOR: Rivas, Xosé Luís

COLECCIÓN: Xosé Luís Rivas (Mini)

CONTEXTO:

Durante a entrevista, editada en varios cortes, o compilador preguntalle ao informante por diversos temas como as ruadas, as fiadas, os desafíos ou os oficios tradicionais. Na conversa fálase especialmente das labores de cereiros e canteiros da zona de Forcarei. Este fragmento céntrase na xiria propia dos canteiros (ou *arginas*) poñendo como exemplo a historia dun veciño que se librou dunha multa por coñecer esta fala, tamén chamada verbo.

NOTAS DA TRANSCRICIÓN:

Na transcripción utilizouse a letra cursiva para aquelas palabras propias da fala dos canteiros e respetáronse tanto as variantes dialectais como a oralidade.

Para a escrita do verbo consultouse a seguinte obra: TRIGO DIAZ, Feliciano (1993): *O verbo dos Arginas de Avedra: Xerga gremial dos canteiros de Pontevedra*. Pontevedra: Deputación Provincial. Escola de Canteiros de Pontevedra. Está dispoñible na Biblioteca do Museo do Pobo Galego.

Sobre o tema da cantería, o Museo do Pobo Galego publicou recentemente a obra: CERNADAS SANDE, José (2018): *A cantería tradicional. Manuais do Museo do Pobo Galego (3)*. Santiago de Compostela.

PALABRAS CHAVE: Canteiros, verbo, fala, arguina, argina, arxina, xiria, xerga

TRANSCRICIÓN DO TEXTO E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:

Isabel Vigo Rodríguez



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRICIÓN

- E que a min interésame sobre todo moito o de canteiros e cereiros, sobre todo de cereiros que non teño moita información, de canteiros aínda teño algo. Pero interésame moito entre outras cousas porque canteiros íban moito pa' Lughó.
- Moito pa' Lugo e para...
- E traballaban sobre todo para a parte que son eu.
- Él pódelle contar de cereiro e a cera que lle botan as velas e... e... como lle fan (risa) van dereitos ao inferno ...
- Usted sabe falalo verbo?
- O verbo? Ai Dios mío! E ben!
- E acórdalle algunha cántigha do verbo? Esas si que non hai case ningunha, hai moi poucas, ou eu coñezo moi poucas. Eu quería facer unha canción que fose cantada toda no verbo pa mostrarlle á xente que... porque a xente non sabe que, que...
- O verbo, o verbo dos canteiros non o sabe ninguén máis que...
- Bueno, pero quero decir que a xente non sabe, moita xente, pero a maior parte da xente de Galicia non sabe que os canteiros falaban o verbo.
- Os canteiros... na obra non había outro palabra.
- Por eso.
- Na obra...
- E nos este, agora cantamos unha canción que leva dúas coplas do verbo e sempre explicamos, non? que están cantadas no verbo dos canteiros que era unha fala que tiña, que tiña esa profesión e tal. E a xente quédase mui... mui asombrada, mui estrañada, non?

- Claro porque son palabras... é o que se chama, é o verbo dos *arginas*, os canteiros son *arginas*, a Ghuardia Civil son *ranguetes*.
- Como?
- *Ranguetes*.
- Como? *Ranguetes*?
- *Ranguetes*, podes decir *rañetes*. Os maestros *buxós de morrós*, (risa) os *morrós* son rapaces (risa).
- Ese sí, xa o sabía. Os coellos son *bizocas*.
- *Bizocas*, os ghatos os... no...sí... o conexo e o ghatos son *bizocas*. As vacas son *areonas*.
- *Areonas*.
- As vacas son *areonas*. E...todas, todas cousas ten o seu nome. Eu seille o nome a todas (risa). No dialecto este dos canteiros, é moi largo.
- Aos curas chamádeslle os *mocas*.
- Os *mocas*... e á Iglesia a *caicó*.
- Ai, tamén! (risa).
- E a Dios *caicó*.
- E?
- E a Dios *caicó* ou...
- A Dios o *caicó* si, e a Dios o *caicó*. E aos santos tamén *caicós* todos. Unha vez alí un das Rabadeiras que se chamaba Santos, e claro, era amigho de ir á caza pero nunca unha licenzia paghou. El iba cazar pero a licenzia ás pernas. Estaba aquí encima da miña aquí no monte aquí mesmo ao pé das Rabadeiras e a (?) un pouco alta. E a Ghuardia Civil, como... licenzias paghábanse poucas, e a Ghuardia Civil ao fulano que o pillaban poñíanlle unha multa e levábanlle a escopeta. E eran eles os que facían alghúns traballos deses. E entonces, estaba o Santos ese coa escopeta, o can estáballe alí traballando e él estaba cos ollos dados no can e empézanlle outros veciños dalí das Rodeiras que (es)taban alí: “-*Caicó, caicó!*”, e él mirou pa’riba, “-Os *ranguetes, caicó!*” Bueno, *caicó* veu que estaba alí (?) e botou a escopeta por detrás del e marchouse... E despois chegha a parexa ao lugar das Rabadeiras e dicen, veu preghuntando e cheghou alí cunhas mulleres que topou alí “-Quen é aquí a casa .. Quen é aquí o home que se chama *caicó?*” Coño! As mulleres aquí xa sab., xo sabían case... a maior parte das mulleres xa saben o verbo. E empezan “-Quen é aquí o home que se chama *caicó?*” Ninguén sabía esas cousas. E viñeron polo gharaxe preghuntando quen era un que se chamaba *caicó* pero ninguén lle dixo quen era o *caicó*, se lle preghuntara por Santos se cadra habían de picar pero ao preghuntarlle quen é aquí o home que se chama *caicó*.

- Nunca souperon.
- Nunca souperon quen fora. O *caicó* era o *caicó* pero ninguén nunca superon quen era o *caicó*. Eso é. As troitas son *arañías*...
- Como?
- As troitas son *arañías*
- *Arañías*?
- *Arañías* (risa). As troitas son *arañías*.
- E os porcos?
- Os porcos son e... como eran os porcos? ... *Urdios*!
- *Urdios*?
- *Urdios*, o porco é *urdio*. O can é un *chacurro*.
- *Chacurro*.
- Eso é.
- *Chacurro* é en vasco tamén
- É? É en vasco?
- Sí, e *caicó* tamén é en vasco
- Ai tamén é en vasco *caicó*? ...
- E vostedes para deciren si, decían *bai*, non?
- Si.
- Tamén é en vasco.
- Tamén é en vasco?
- Ten moitas palabras do vasco.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades